

Redondela  
**Merece  
Máis!**



Merecemos  
**Propostas  
de  
gobierno**

**Xoán Carlos  
González  
Campo**

**Nos últimos** anos o Estado foi dando pasos firmes no eido lexislativo e institucional, marcando un deseño antisocial e antigalego. O poder central actuou baleirando a capacidade competencial dos concellos, ademais de restrinxir o financiamento e control cas absoluto do seu gasto. Na Galiza padecemos un sistema de financiamento local controlado dende Madrid, que non se adecúa ás características do noso País e non atende ás nosas necesidades.

## Os procedementos

de contratación e control do gasto son cada vez máis complexos e dirixidos dende Madrid, nunha manifestación evidente de recentralización. Aumento da burocracia;

enormes dificultades para poder resolver as necesidades en tempos lóxicos.

**Este modelo**, favorece a penetración das grandes compañías transnacionais, nas diversas contratacións, e xestión de servizos privatizados.

Redondela, viuse singularmente afectada por estas políticas antisociais, antigalegas, deseñadas dende o poder central. A presenza do BNG no Concello, garante a defensa dos nosos sectores produtivos, dos nosos sinais de identidade, da calidade de vida para a veciñanza, sen perder de vista a nosa inserción no contextos metropolitano e comarcal.


**As propostas que neste Programa de Goberno se recollen, apostan por unha Redondela pensada para a veciñanza, en diálogo constante con colectivos, asociacións, e entidades de todo tipo.**



Redondela  
**Merece**  
**Máis!**

**O do BNG** constitúe un proxecto nacional e nacionalista, que parte de que tamén se pode e se debe construír unha nova Galiza dende os concellos. A administración local debe constituír o primeiro chanzo onde desenvolver políticas nacionalistas e transformadoras.

**Os anos** dos distintos gobernos municipais, poden cualificarse como “catastróficos” para Redondela, onde o noso concello foi perdendo peso relativo e absoluto, diminuíndo a poboación, sen planificación nin Proxecto, onde primaron máis os intereses electoralistas que o interese xeral.



Redondela  
Merece  
Máis!

## Concellaría de Parroquias

Pretendemos dende o Bloque Nacionalista Galego introducir unha nova concellaría no organigrama de goberno, para dotar as parroquias de maior entidade. Con asunción de competencias plenas, dotación económica e persoal adscrito, permitiría unha maior axilidade nas actuacións do Concello. Como propostas a poñer en marcha:

**Realización** dun Plan de Mantemento de Camiños, que permitan afrontar as necesidades, recursos, capacidade de inversión nos diversos viais de competencia municipal.

**Coordenación** directa con Consellos Parroquiais para dar unha áxil resposta ás demandas plantexadas.

**Estudo racional**, ampliación e mantemento do alumead público.

**Creación** de zonas de encontro entre a veciñanza, parques e espazos públicos. Mantemento do Patrimonio Etnográfico das parroquias.

**Actividades** de difusión parroquial, poñendo en valor actividades culturais, festas, etc.



## Concellaría de Servizos Privatizados

Polo importante número de empresas que asumen servizos ofertados polo concello (Servizo Axuda no Fogar, piscinas, tributos, auga e saneamento, lixo, limpeza de edificios municipais), dende o BNG consideramos imprescindible a creación desta concellaría.

**Os principais** obxectivos marcados dende o goberno municipal, resumiríanse en:

**Realizar** un seguimento exhaustivo dos contratos e concesións, da calidade do servizo prestado polas empresas aos usuarios e usuarias, exixindo en todo momento o cumprimento íntegro.

**Xestión** da Comisión de Seguimento dos Servizos Privatizados. Estudo da Remunicipalización dos servizos.



## **Concellaría de Emprego**

O desenvolvemento económico en Redondela será unha das prioridades do goberno do BNG, partindo para iso dunha análise rigorosa da situación do tecido económico local e das condicións específicas existentes, e con confianza nas capacidades de creación de emprego de calidade dos nosos sectores produtivos.

Desde o goberno do BNG traballaremos decididamente para que en Redondela se incorporen as seguintes medidas:

### **Comercio local**

- **Impulsar** o comercio local, as feiras e mercados e realizar estudo de dinámicas comerciais tanto en Redondela como en Chapela, para así aproveitar as fortalezas.
- **Reorganizar** e reforzar tanto as feiras de Chapela e Redondela como as prazas de abastos, para que sirvan como vertebradoras das dinámicas comerciais do concello.
- **Traballaremos** cos sectores de comercio de proximidade na modernización das técnicas e medios de comercialización, así como na redución dos custos que soporta o pequeno comercio e no asesoramento ao acceso a as fontes de financiamento, formación dixital e modelos innovadores de negocio e da xestión avanzada.
- **Apostaremos** por dinamizar o comercio de proximidade con desenvolvemento de iniciativas de incentivação do consumo no pequeno comercio, fortalecendo o tecido comercial e empresarial propio, apoiando o comercio local e de proximidade fronte ás grandes superficies comerciais e incentivando a compra de produtos locais e galegos.
- **Desenvolveranse** campañas en galego para o fomento da compra no comercio local, establecendo liñas de axudas e colaboración coas asociacións de comerciantes.



## Promoción do emprego

- **Elaborar** un Plan de emprego adaptado á realidade de Redondela, identificando sectores económicos que poidan ser xacementos de emprego e orientando as políticas de ordenación urbana, mobilidade e subvencións a favorecer a implantación de novas actividades económicas.

- **Apoiar** proxectos innovadores de iniciativas e actividades profesionais a través do acompañamento do desenvolvemento desde o inicio, creando espazos gratuítos de uso individual e compartido para a mocidade, onde convivan diversas culturas profesionais coas que obter sinerxías.

- **Crear** un servizo de seguimento da mocidade desempregada, coa finalidade de garantir e procurar a súa introdución no mundo laboral.

- **Crear** redes de empresas comprometidas que favorezan a inserción laboral daqueles colectivos máis desprotexidos, "empresas colaboradoras". Esta rede traballará mediante convenios a prol da igualdade de oportunidades entre todas as persoas, a través de establecer vantaxes para aquelas que se adiran.

- **Apoio** a todas as iniciativas locais de autoemprego e cooperativismo que permitan unha diversificación da oferta laboral en Redondela e comarca.

- **Potenciaremos** o consumo de produtos da terra como garante dos valores ecolóxicos, medioambientais e nutricionais.

- **Asesoramento** e apoio ao desenvolvemento dos oficios tradicionais e artesáns, na busca dun mercado emerxente.

### Emprego público.

O Concello actuará como promotor de emprego público e de calidade. Cómpre o reordenamento dos servizos municipais, fomentando a contratación directa.



Redondela

Merece

Máis!

## Concellaría do turismo

O turismo é unha actividade económica que produce cada vez máis retorno económico no noso territorio. Mais esa capacidade de xeración de emprego e de economía tamén implica riscos que outros concellos xa coñecen e que nós estamos a tempo de atallar.

**O turismo** é economía, e como tal debe pactarse cos sectores implicados, mais tamén debe formar parte transversalmente das políticas municipais, para planificar as oportunidades e tamén as solucións aos problemas que a actividade turística causa habitualmente.

Desde un goberno do BNG promoveremos as seguintes iniciativas:

- **Elaboración** dun Plano de Promoción Turística municipal, en coordinación con outras administracións.
- **Afortalamento** da Oficina Municipal de Información Turística.
- **O entorno** da Enseada de San Simón, como un dos atractivos polos que se debe apostar dende o goberno local en colaboración coa Xunta, na promoción turística.
- **Actuaremos** decididamente na posta en valor de enclaves como a Illa de S. Simón, a Praia de Cesantes, o Estreito de Rande, as sendas de beiramar, senda verde dende Chapela, Senda da Auga, os montes veciñais, o Casco Vello de Redondela ou o noso rico Patrimonio etnográfico e cultural.



Redondela  
**Merece  
Máis!**



- **Potenciación** do paso do Camiño Portugués por Redondela, como instrumento de promoción do noso concello, que invite aos visitantes a unha segunda estada. Fomentaranse campañas de formación entre os hostaleiros, para que se poida dar un servizo de calidade.
- **Promoción** das diferentes expresións da nosa cultura local como foco de atracción turística: Celebración do Entroido, Festas do Maios, Festival Internacional de Títeres, Festa da Coca.
- **Fomento** do turismo ligado ao “turismo cultural”, dotando todo o concello dunha Programación Cultural anual, que invite á chegada de visitantes de proximidade.
- **Difusión** do turismo gastronómico.
- **Colaborarse** na elaboración e comercialización especializada dos produtos turísticos temáticos.
- **Termos** un idioma propio ten que ser atractivo turístico máis, e non un impedimento. A promoción da nosa lingua debe abrir as portas ao mundo lusófono e a todas aquelas persoas con interese por coñecer novas expresións culturais.





Redondela

Merece

Máis!

## Concellaría de Benestar Social

Creación dunha nova UNIs.

**Mellorar** e aumentar a rede de servizos do benestar, tanto propios do concello, como en colaboración con outras administracións, nomeadamente Xunta de Galiza: Centro de Día na zona de Chapela, Escola Infantil, etc.

**Fomentar** as políticas de integración social de colectivos que se atopan en risco de exclusión social.

**Prantexar** protocolos antisuicidio. Saúde Mental

**Fomento** da cultura da solidariedade e do respecto a aqueles colectivos que se atopan en situacións de risco de exclusión.

**Crear** unha verdadeira rede colaborativa, con entidades que desenvolvan a súa actividade no eido social.


**Consello Municipal** de Servizos Sociais, con entidades representativas que desenvolvan a súa actividade neste eido: persoas con discapacidade, persoas maiores, colectivos en risco de exclusión...

**Mellorar** a atención á infancia, ampliando o servizo de Ludotecas, e simplificando os trámites para a inscrición.

**Programación** estable de actividades lúdicas e en galego para os cativos e cativas. Escola de Familias para educar e apoiar a aquelas persoas que deciden ter un cativ@. Crear uns espazos de convivencia máis humanos, no seo da Cidade Amiga da Infancia.

**Axustaranse** as canles de comunicación e intercambio de información entre o departamento de Servizos Sociais e os diferentes Centros Educativos.

**Simplificación** burocrática e axilidade nos reembolsos das axudas para comedor.




Redondela  
**Merece**  
**Máis!**

**Estrito** seguimento das porcentaxes de inserción laboral das persoas afectadas por algún tipo de discapacidade ou enfermidade mental.

**Plan** de supresión de barreiras arquitectónicas e mobilidade que facilite o acceso de persoas con mobilidade reducida a calquera espazo do concello.

**Apoio** e difusión da actividade desenvolvida polas entidades que traballan no eido da discapacidade.

**Liña** de subvencións para as entidades de carácter social con implantación en Redondela.



## Concellaría de Facenda

Para o BNG é fulcral traballarmos nunha política tributaria municipal que estea ao servizo da veciñanza e para iso o concello debe utilizar todos os instrumentos fiscais de que dispón para complementar o seu financiamento.

**Desde** o Bloque Nacionalista Galego, apostamos por unha Facenda que impulse políticas de racionalización do gasto e aumento dos ingresos.

• **Estudo** anual dos ingresos que por diversas vías (fondos propios, aportacións da Deputación, Xunta de Galiza, Estado), pode recibir o Concello.

• **Axustar** a capacidade e eficacia recadatoria municipal.

• **Axustar** as ordenanzas fiscais á capacidade adquisitiva da poboación, gravando máis a quen máis ten.

• **Racionalización** da inversión municipal establecendo como prioridades verdadeiras políticas sociais, do benestar, que fomenten a calidade de vida entre os veciños e veciñas de Redondela.

• **Os investimentos** municipais deben categorizarse en función do interese xeral, primando aqueles que repercutan directamente no maior número de persoas.

• **Aprobación** no primeiro trimestre do ano dos Orzamentos Municipais, como recurso para unha axeitada acción municipal.

• **Debate** dos Orzamentos Participativos co movemento asociativo, como paso previo á presentación do Borrador dos Orzamentos.

• **Traballar** para que as subvencións municipais sexan máis transparentes áxiles e axustadas ás necesidades dos colectivos ou persoas a quen van destinadas.

• **Control** do “pequeno gasto”, posibilitando os concursos públicos.



Redondela

Merece

Máis!

## Concellaría da Muller

O Bloque Nacionalista Galego abandeira entre os seus principios programáticos a defensa dos dereitos das mulleres e a loita por unha sociedade verdadeiramente igualitaria. Somos conscientes de que a conquista de dereitos, en traballo man a man co movemento feminista, converteuse nun dos sinais de identidade da nosa actuación política. Nun goberno municipal nacionalista, manteremos as políticas de muller entre as prioritarias. Desenvolveremos unha actuación "transversal" na defensa, respecto e difusión dos valores e dereitos das mulleres galegas, e do resto do mundo.

Algunhas das medidas concretas que o BNG, a través da Concellaría de Igualdade, desenvolverá no goberno de Redondela:

**Xerar** estratexias para que as mulleres avancen na ocupación do espazo público e social

**Recoñecemento** do "femicidio" como ameaza permanente á seguranza e á vida das mulleres.

**Revisión** das ordenanzas e taxas nas que se poida introducir a figura de vítima de violencia machista, fomentando a discriminación positiva.

**Incorporar** cláusulas sociais na contratación pública coa finalidade de favorecer a selección de empresas que destaquen por desenvolver unha política a prol da igualdade

**Revisión** de ordenanzas e regulamentos de subvencións a entidades, introducindo a figura de violencia de xénero.

**Fomentar** a linguaxe non sexista, principalmente nas intervencións de cargos públicos, ou daquelas persoas, entidades, empresas que realizan calquera tipo de traballo ou actuación para o concello.

**Aumento** dos orzamentos da Concellaría da Muller tanto para a actividade da propia concellaría, como para apoio ao movemento asociativo que traballa especificamente con e para as mulleres.



Redondela  
**Merece  
Máis!**



**Actuar** en colaboración cos centros de ensino para un traballo específico sobre igualdade.

**Novo** pulo ás conmemoracións que periódicamente se desenvolven por iniciativa do concello: 8 de marzo, 25 novembro, concentracións contra o feminicidio,... para facelas máis atractivas, participativas e concienciadoras para os e as redondelás.

**Actuar** en colaboración cos centros de saúde, en materia especificamente de muller.

**Implicármonos** en iniciativas que pola súa singularidade destacan o protagonismo das mulleres: recuperar o equipo feminino de fútbol.



Redondela

Merece

Máis!

## Concellaría de Mocidade

**Crear** o Consello Municipal da Mocidade, órgano de participación cidadá que analizará, debaterá, e propondrá sobre as dinámicas xuvenís redondelás.

**Potenciar** o Local Nsaio, como espazo de dinamización e creación cultural entre a xuventude

**Estudarse** a habilitación dun espazo para o botellón, coa dotación de persoal que asesore, oriente sobre o consumo de alcol e outras adiccións, acoso e agresións sexuais,...

**Poñer** en marcha a Tarxeta Mocidade, con bonificacións en actividades alternativas de ocio e lecer, consumo no comercio local, transporte público

**"As Convivencias do Verán"**, pensadas exclusivamente para mozos e mozas na que se aborden entre outras con especialistas dinámicas para xente moza, onde se traten con rigor e seriedade temas como as adiccións, as relacións sociais, a sexualidade, o emprego, ... Inclúense saídas, viaxes culturais, concertos de pequeno formato, deportes alternativos e minoritarios.

**Posta** en marcha da Casa da Mocidade, dotándoa dos contidos acordados no Consello Municipal da Mocidade.

**Habilitar** un centro de información sobre sexualidade, anticoncepción e prevención de enfermidades. Especial atención à saúde mental, creando un sistema de apoio em rede na que se conte coa intervención de entidades como Lenda, departamentos de orientación dos institutos, ONGs, Servizos Sociais municipais.

**Desenvolver** axendas culturais en que haxa cabida para a participación da mocidade no concello, planificando, consensuando e executando medidas e programas que favorezan que a mocidade tamén faga vida nos concellos.

**Apoiar** e colaborar coas iniciativas da xente nova para divulgar as diversas expresións artísticas e culturais, impulsando e promocionando a produción cultural e creativa propias.



**Redondela**  
**Merece**  
**Máis!**

**Prestar** dende a oficina Municipal de Información Xuvenil, asesoramento xurídico para a fundación e autotoxestión de colectivos e organizacións, impulsando así o asociacionismo xuvenil.

**Solicitar** o reforzo das conexións por ferrocarril e autobús con Pontevedra e Vigo, incidindo na necesidade dun servizo nocturno de transporte metropolitano, para achegar á mocidade as zonas de lecer contribuíndo á seguridade vial.

**Outro** dos obxectivos para a xente moza constitúeo o feito de crear unhas condicións, que permitan a contratación de calidade en Redondela, para evitar a sangría que a xuventude está a sufrir. Implementaranse as seguintes iniciativas:

**Actuar** na mellora da situación laboral da mocidade. Tarefa prioritaria, colaborar dun xeito activo cos Servizos Públicos de Emprego a fin de información ofertas de comarca, así como facilitar cursos e axuda a mozas e mozos desempregados a través de programas de busca de emprego ou autoemprego.

**Facilitar** o acceso ás vivendas de aluguer, habilitando a **Oficina** de Información Xuvenil para centralizar a oferta e a demanda.



Redondela  
Merece  
Máis!

**Sensibilizar** e concienciar a xente nova redondelá con campañas de normalización do uso da lingua galega en todos os ámbitos, e campañas sobre a nosa cultura e historia.

**Deseñar** campañas e actividades de concienciación medioambiental e de consumo racional e responsábel. Promover o emprego de transportes non contaminantes e saudábeis.

**Xestionar** espazos destinados á mocidade nos centros sociais parroquiais, que servirán de punto de información e encontro, para desenvolvemento de iniciativas.





Redondela

Merece

Máis!

## Concellaría de Cultura

A Cultura singulariza as particularidades dun pobo. Galiza como nación, dispón dun rico patrimonio cultural, que se expresa nun idioma propio, o galego.

Redondela tamén dispón dun rico patrimonio arqueolóxico, etnográfico, inmaterial, que foi ampliando co paso dos séculos.

**Unha** realidade que a administración local debe afortalar, constitúeo o feito de que grande parte da veciñanza participa, e pretende seguir participando dunha ampla diversidade de oferta cultural, que se produce en todo o concello. Compete pois desenvolver políticas, para preservar e poñer en valor o noso legado cultural; potenciar e apoiar a actividade cultural en toda a súa extensión. Coa presenza do Bloque Nacionalista Galego no goberno municipal de Redondela garantíranse a seguintes medidas:

**Apio** e impulso á diversificación territorial da oferta cultural organizada dende o Concello, nas parroquias.

**Contribución** na dinamización dos Centros Socio-Culturais parroquiais.

**Respaldo** aos Convenios Interparroquiais, como verdadeira ferramenta de dinamización cultural nas parroquias.

**Potenciación** do asociacionismo cultural, fomentado a ampla diversidade de artes, actividades culturais que conforman o noso espazo.

**Recuperación** dos Grupos de Dinamización Teatral apoiando a implicación da veciñanza.

**Dende** o concello desenvolveremos un plan pola recuperación, conservación e posta en valor do noso patrimonio material e inmaterial con estreita colaboración da veciñanza de cada parroquial.

**Potenciar** Monte Penide e Castro de Negros, como instrumento de interpretación do noso pasado.



Redondela  
Merece  
Máis!




REDONDELA EN CURTO

do 24 ao 30 de abril de 2017

www.redondelaencurto.com

13 FESTIVAL NACIONAL DE CURTAMETRAXES



**Creación** do Consello Municipal de Cultura (CMC), como instrumento de representatividade e participación de todas as asociacións e colectivos que desenvolven o seu labor en Redondela e como mecanismo fundamental de dinamización, planificación e diversificación da actividade cultural municipal

**Afondar** no coñecemento de determinados enclaves da nosa historia: Casco Vello de Redondela, Castelo de Rande, A Peneda, Muíños, Petos de Ánimas e Cruceiros.

**Revitalizar** o Camiño Portugués como instrumento de potenciación Cultural e Turístico.

Redondela  
Merece  
Máis!

**Creación** do Consello Municipal de Cultura (CMC), como instrumento de representatividade e participación de todas as asociacións e colectivos que desenvolven o seu labor en Redondela e como mecanismo fundamental de dinamización, planificación e diversificación da actividade cultural municipal

**Afondar** no coñecemento de determinados enclaves da nosa historia: Casco Vello de Redondela, Castelo de Rande, A Peneda, Muíños, Petos de Ánimas e Cruceiros.

**Revitalizar** o Camiño Portugués como instrumento de potenciación Cultural e Turístico.

**Apoio** e potenciación das diferentes manifestacións culturais xenuínas do noso concello: Madamas e Galáns de Cabeiro, Danza das Espadas, Alfombras, Maíos,...


**Recuperación** dos Festivais organizados polo movemento asociativo, que xa constituíron un referente no noso País: Ventorock, Ventofolk, Arde Rande,...)

**Novo** pulo ao Local de Nsaio, como instrumento dinamizados das iniciativas musicais no concello.

**Creación** do Obradoiro do Títere como instrumento de difusión, formación e creación neste eido da actividade cultural, no que Redondela desempeña un papel preponderante.

**Recuperar** o Día da Muiñeira, como recurso para a potenciación da nosa música tradicional. En colaboración cos grupos locais abrilo a agrupacións doutras zoas do País, do Estado e de Europa, para un mellor achegamento a outras culturas.

**Impulsar** as Bibliotecas Públicas, dentro da Rede de Bibliotecas de Galiza. Recuperación do Punto de Lectura de Cabeiro.



**Redondela**  
**Merece**  
**Máis!**

## **Concellaría de Urbanismo e Territorio**

Toda actividade humana realízase e está condicionada polas características do territorio sobre a que se asenta, mais á súa vez, a propia actividade vai modificando ese territorio soporte de todas as actividades (traballo, estudo, produción, lecer,...). Ao longo da historia, esta modificación realizouse de modo lento; na xeira actual, cada vez máis aceleradamente. De como se produza esa modificación do territorio e da maneira en que se trate ese medio vai depender en gran medida a calidade de vida das persoas, tanto na súa dimensión social como na individual. Acadar un desenvolvemento harmónico do medio e co medio (sexa rural ou urbano), coidar este medio é a única garantía de mellorar a calidade de vida e, ao tempo, non hipotecar o futuro; a preservación da identidade do territorio é esencial para establecer un modelo económico, social e territorial sustentábel e con perspectivas de futuro.

**Redondela**  
**Merece**  
**Máis!**



**Merecemos**  
**máis espazos**  
**para as**  
**persoas!**

**O Modelo** urbanístico polo que aposta o Bloque Nacionalista Galego, propón unha reordenación do territorio, planificando as infraestruturas básicas, a liberación do solo para equipamentos públicos e a creación de vivenda protexida. Todas estas propostas en debate continuo co movemento asociativo. Para isto, propoñemos dende o goberno municipal:

- **Aprobación** definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal, consensuado coas principais forzas sociais. Abrir un período de exposición pública o suficientemente amplo no período de alegacións.
- **Aumentar** as porcentaxes de construción de vivenda protexida no Concello de Redondela.
- **Recuperación** e posta en valor do Casco Vello de Redondela. Convertelo nun polo de atracción para familias e pequeno comercio, onde se pode vivir con calidade. Dinamización especificamente deste espazo.
- **Fomentar** a vivenda de carácter público.
- **Fomentar** a vivenda en réxime de aluguer, como instrumento de acceso á vivenda a sectores sociais máis desfavorecidos.
- **Aposta** pola Humanización de entornos urbanos de Redondela Vila e Chapela, favorecendo a accesibilidade, creando espazos e puntos de encontro para a veciñanza, parques, prazas, “recunchos”.
- **Desenvolver** un Plan de Mobilidade onde se primen os desprazamentos seguros a pé. É preciso conxugar desprazamentos peonís con medios de transporte sostible (bicicletas e patinetes) e tamén cos vehículos a motor individuais e públicos.
- **Creación** dunha rede de sendas peonís seguras, tanto para o esparcemento e lecer como para a vida diaria, reducindo así o tráfico rodado. Especial atención merecen as sendas escolares seguras, que permitan aos nenos e nenas chegar a pé ata os colexios e institutos sen risco de atropelos.

**Redondela**  
**Merece**  
**Máis!**

- **Estudo** da creación de vías que permitan a articulación das diferentes zonas de Chapela, de maneira que toda a veciñanza poida desprazarse a pé de forma cómoda, segura e accesible. A orografía e as vías que atravesan a parroquia non poden ser impedimento para que a parroquia estea comunicada.

- **Humanización** de espazos públicos, tanto no casco urbano como nas parroquias, que permitan unha mobilidade segura e cómoda da veciñanza así como puntos de encontro para a veciñanza.

- **Espazos** para cans.

- **Estudo** da creación de vías que permitan a articulación das diferentes zonas de Chapela, de maneira que toda a veciñanza poida desprazarse a pé de forma cómoda, segura e accesible. A orografía e as vías que atravesan a parroquia non poden ser impedimento para que a parroquia estea comunicada.

- **Humanización** de espazos públicos, tanto no casco urbano como nas parroquias, que permitan unha mobilidade segura e cómoda da veciñanza así como puntos de encontro para a veciñanza.

- **Auditorio** Carballo das Cen Pólas, como un novo referente cultural, consolidando concertos, teatro, música popular e tradicional

- **Senda** pola Tafona coa creación dunha senda peonil e bicicletas pola antiga vía. Deste xeito crearíase unha senda practicamente uniría a Punta de Cesantes co Alto dos Valos

- **Reconvertir** o espazo da praia de Cesantes nun verdadeiro entorno para uso e disfrute das persoas ao longo de todo o ano. Melloras no Paseo, redución do tráfico ata o que sexa estrictamente necesario, fomento do transporte público, e uso da bicicleta.



Redondela

Merece

Máis!

## Concellaría do Mar

Malia a súa ubicación no fondo da Ría de Vigo, o concello de Redondela, mantivo, e aínda mantén unha especial relación histórica, económica e social coa explotación dos nosos recursos marinos. A explotación racional da Enseada de San Simón, o mantemento do equilibrio medioambiental da beiramar, xunto a unha aposta por consolidar determinadas actividades profesionais, constitúen propostas que o BNG desenvolverá no futuro goberno municipal. Para desenvolvelo propoñemos:

**En colaboración** coa Unión Europea, Estado Español, Xunta de Galiza, e outros concellos da beiramar, recuperación integral das augas da Ría e Enseada.

**Desmantelamento** do actual Peirao de Cesantes por Portos, pivotándoo e prolongándoo. Deste xeito facilitarase as correntes marinas e mellor calidade das augas.

**Control** dos verquidos á Ría, e desterro daqueles aterramentos de impacto máis negativo levados a cabo nas últimas décadas.

**Actuación coordinada** coa Confraría, para dignificar o sector da pesca, cara a unha produción máis sostíbel, racional e con futuro.

**Diálogo** e apoio ao sector das mariscadoras, e mariscadores, cunhas dinámicas singulares. Aposta polo futuro desta actividade en condicións dignas.

**Protección** dos areais do concello, facendo un seguimento durante todo o ano. Estudarase a posibilidade de manter unha brigada de mantemento, ou cando menos ampliar a campaña de limpeza de praias.

**Recuperación** integral e especial protección da Duna da Punta de Cesantes.

**Limitar** a construción de futuros paseos a actuacións de baixo impacto medioambiental. Traballar para a recuperación da liña marítimo terrestre do Estreito de Rande.



Redondela

Merece

Máis!

## Concellaría de Medio Ambiente

En colaboración con outras administracións desenvolveremos un verdadeiro deseño de recuperación, posta en valor, protección e difusión da riqueza da Enseada San Simón (Rede Natura 2000): arqueoloxía, medioambiente, memoria histórica, turismo sustentábel, riqueza económica respectuosa.

**Crear** unha rede de sendas verdes e paseos arredor dos diferentes núcleos urbanos e parroquias, facilitando a accesibilidade, desfrute e posta en valor do noso entorno medioambiental, e cultural.

**Impulsar** novas políticas de redución de residuos sólidos urbanos, consolidando os composteiros urbanos.

**Corresponsabilizar** a veciñanza de que “menos residuos, máis riqueza”.

**En colaboración** con centros educativos, desenvolver políticas medioambientais, a traveso de charlas, elaboración de Unidades Didácticas, roteiros escolares.

**Desenvolver** coas Comunidades de Montes políticas medioambientais coa creación de parques forestais e a plantación de árbores autóctonas.

**Estreita** colaboración coas Comunidades de Montes, con iniciativas de prevención de lumes.

**Fomento** de políticas de uso responsábel da auga, nas vivendas abastecidas tanto da Rede Municipal, como das Traídas de Auga.

**Apoio** económico, mediante unha liña de subvencións, ás Traídas de Auga, nas diversas parroquias.

**Aumentar** a rede de saneamento, nos barrios e parroquias do concello que aínda non desfruten desta infraestrutura.

**En colaboración** con outras entidades e administracións, potenciación do transporte colectivo: tren, autobús interurbano.

**Posta** en marcha de políticas de redución do uso do automóbil en desprazamentos curtos.





Redondela  
Merece  
Máis!

**Desenvolver** actuacións para unha verdadeira educación medioambiental no conxunto da veciñanza, nas que se fomenten os valores do respecto e preservación do noso entorno.

**Instaurar** políticas de redución do consumo enerxético, colaborando no mantemento do aire máis limpo, reducindo as emisións de efecto invernadoiro, xunto ao fomento de enerxías alternativas e renovábeis.

**Campañas** de substitución do uso do vehículo particular polo transporte colectivo, máis eficiente e menos contaminante.

**Poñer** en valor o papel da redución en orixe dos residuos sólidos urbanos, como instrumento para frear a degradación do noso entorno. Fomentar usos alternativos dos restos orgánicos. Eliminación paulatina dos plásticos.

**Aumentar** os Composteiros Colectivos nos cascos urbanos de Redondela e Chapela.

**Establecer** normas de especial protección e difusión de espazos relevantes para o noso medioambiente: brañas, ríos, Punta da Praia de Cesantes,...

**Afrontar** a renovación de augas residuais, realizando as separativas de fecais e pluviais.

**Establecer**, en colaboración coas Traídas de Augas, unha concienciación da Uso Racional da Auga. O Concello decantarase por un rego e baldeado máis racional.

**Recuperar** as subvencións a estas entidades.

**Apoio** económico, mediante unha liña de subvencións, ás Traídas de Auga, nas diversas parroquias.

**Especial** Protección da Enseada San Simón, como Rede Natura 2000, desenvolvendo campañas e iniciativas con outras administracións para a súa preservación e posta en valor.

**Recuperación** das masas forestais autóctonas, en colaboración coas Comunidades de Montes.



## **Concellaría de Deporte e Actividade Física**

O deporte, a actividade deportiva e física, entendémolo no BNG como unha fonte de benestar físico e psicolóxico que debe estar ao alcance de toda a cidadanía.

Xestión directa das Escolas Deportivas Municipais, nas que se fomenten e difundan valores como a igualdade e equidade, o esforzo colectivo, traballo en grupo, respecto polo e pola rival, a relevancia da formación académica,...

Aposta por espazos multifuncionais deportivos, permitindo a accesibilidade e universalización da actividade física. Valorarase a construción de novos equipamentos deportivos, tras un estudo de prioridades e necesidades, en diálogo constante cos distintos clubs.

Estudar a construción dunhas pistas de atletismo no concello de Redondela.

Transparencia na xestión de espazos deportivos municipais. Organización racional dos espazos, modalidades deportivas e número de participantes.

Potenciación dos deportes autóctonos (petanca, chave, traíñas) ou minoritarios, apoiando o acceso e a súa práctica a calquera franxa de idade.

Adaptación das taxas das pistas de pádel á realidade económica da veciñanza.

Apoio a prácticas deportivas de rehabilitación e mantemento. Principalmente incidirase en grupos de poboación que abandonan a práctica deportiva. Priorizar a actividade física como actividade para a saúde, rehabilitacións, socialización.

Creación de novas rutas e sendas accesíbeis, tanto a pé como en bicicleta.

Creación do programa Camiñando polo País, organizando andaíñas por espazos singulares de Galiza.

Creación da sección de fútbol feminina, como símbolo da igualdade de xénero. Na convocatoria de subvencións a clubs de fútbol, introducirase unha sección para puntuar a aquel clube ou clubs que se doten desta modalidade.



Redondela

Merece

Máis!

## Concellaría de Participación Cidadá

O Bloque Nacionalista Galego caracterizouse por abrir canles de participación dos e das redondelás por medio das asociacións e entidades veciñais. Afortalar o movemento asociativo parroquial contribúe á mellora das condicións de vida na meirande parte do noso concello.

**A participación cidadá** debe ser unha práctica, non un anuncio no que non se cre. Dende o goberno municipal de Redondela o BNG impulsará medidas de cara a consolidar o movemento asociativo:

**Facilitar** formación e asesoramento aos diversos representantes de entidades veciñais e asociacións. Facilitar a tramitación de procedementos de competencia municipal.

**Celebración** de xornadas formativas para as directivas das diversas entidades sociais, culturais e Asociacións de Veciños e Veciñas.

**Potenciar** o papel das Asociacións de Veciños e Veciñas, como entidades que representan o conxunto da veciñanza da parroquia.

**Potenciar** o papel dos Consellos Parroquias, como verdadeiros órganos consultivos que participen nas decisións que afectan non só á súa parroquia, senón tamén ao resto do Concello.

**Afondar** nos Orzamentos Participativos como paso previo ao Anteproxecto de Orzamentos, nos que se teña en conta a valoración dos Consellos Parroquias, para establecer dinámicas e inversións xenéricas de todo o concello. Abrir realmente o Concello á participación veciñal.

**Bonificación** do IBI, ata os máximos legais permitidos, dos Centros Culturais, como instrumento para dinamizar a actividade social, cultural e deportiva nas parroquias.

**Creación** dunha Comisión de Recursos Municipais que atenderá as solicitudes de utilización dos bens e instalacións municipais: deportivas, culturais, sociais,...



Redondela

Merece

Máis!

## Concellaría de Ensino

Algunhas das medidas concretas que o BNG, a través da Concellaría de Igualdade, desenvolverá no goberno de Redondela:

**Apoio** aos Centros Escolares actualizando os Convenios de Autoxestión, para dar resposta ás necesidades básicas dos mesmos.

**Xestionar** ante as autoridades da Xunta o mantemento do catálogo de profesorado, tanto nas Escolas de Educación Infantil como Primaria e Secundaria.

**Axilidade** na tramitación das subvencións ás ANPAs, priorizando as dos comedores escolares. Neste apartado, asegurárase o reingreso das axudas a alumnado derivado do departamento de servizos sociais.

**Creación** de Sendas Escolares Seguras.

En coordinación cos departamentos de orientación, realizar un seguimento e valoración do entorno familiar do alumnado en risco de exclusión social.

**Seguimento** e apoio ao alumnado con N.E.E., solicitando a creación no noso concello dun servizo de rehabilitación logopédica de carácter público.

**Converter** o antigo edificio do Instituto Social da Mariña en Multifuncional, priorizándoo para comedor escolar dos centros educativos.

**Instaurar** as Escolas de Familias, que axuden a enfrontar situacións e problemáticas das distintas etapas formativas dos nenos e nenas de Redondela.

**Promocionar** dende os centros escolares a difusión e coñecemento da riqueza cultural das diferentes parroquias entre os escolares de Redondela.

**Manter** a colaboración coas coordinadoras de normalización lingüística na posta en valor do galego, na difusión do noso patrimonio cultural e na dinamización dos centros escolares.

**Desenvolver** Proxectos Educativos coa Universidade de Vigo; Universidade de Verán. Pular por unhas boas comunicacións coa Universidade (Billete Metropolitano).



Redondela

Merece

Máis!

## Concellaría de Normalización Lingüística

Os concellos dispoñen dun largo abano de posibilidades de actuación práctica no impulso ao uso social da lingua. Redondela abandeirou durante décadas programas de posta en valor do galego. Cómpre manter medidas de dignificación do noso idioma. Dende o BNG impulsaremos políticas transversais de normalización lingüística no goberno de Redondela:

**Exixir** o estrito cumprimento da Ordenanza Municipal sobre o uso do galego nos organismos municipais por parte de todas as organizacións políticas.

**Incidir** en todos os departamentos do concello, xerando unha transversalidade de acción normalizadora do Concello.

**Recuperación** da Toponimia das diferentes parroquias do concello.

**Promocionar** iniciativas sociais encamiñadas a promover o uso social do galego entre os máis pequenos e pequenas.

**Supeditar** as subvencións a actividades culturais, deportivas, festas, ... a que as diferentes audicións de música, concertos, anuncios,... sexan en galego.

**Estreitar** a colaboración do Servizo de Normalización Lingüística cos centros de ensino, centros culturais, entidades deportivas, etc.

**Promoción** da actividade cultural arredor do "mundo lusófono".

**Afortalar** as actividades de intercambio cultural con outros centros de ensino de Portugal.

**Promover** campañas activas de potenciación do galego en todos os ámbitos sociais de Redondela: económico, social, comercial, deportivo, escolar, medios de comunicación, etc.

**Incentivar** o uso do galego entre a mocidade e os tramos de idade máis novos: música, literatura, teatro, títeres,...

**Promocionar** iniciativas sociais encamiñadas a promover o uso social do galego entre os máis pequenos e pequenas.





**WEB:** [Redondela.bng.gal](http://Redondela.bng.gal)  
**Insta:** [bngredondela](https://www.instagram.com/bngredondela)  
**Facebook:** [BNGRedondela](https://www.facebook.com/BNGRedondela)  
**TikTok:** [@bngredondela](https://www.tiktok.com/@bngredondela)

